

PARABENS ÁS NOSAS FAMILIAS

*Nunha nova ocasión
vos imos felicitar,
pero este ano
dun xeito peculiar.*

*Non vos felicitamos
porque chegue o Nadal,
senón porque tedes fillos
que vos temos que loubar.*

*Na nosa visita
á Residencia de ancianos,
os nenos amosaron
seus mellores regalos.*

*Espallaron sorrisos, bicos e alegría
enchendo os recunchos de poesía
cantando de corazón,
deronnos unha lección de vida.*

*E esa lección da casa
eles a traen aprendida
no respecto aos seus maiores,
no cariño que repartían.*

*Esa lección que as familias
transmitides día a día,
emocionounos a todos
e merece unha poesía.*

*¡Grazas o todos e todas,
polo empeño que poñedes!
Voso esforzo non é en balde
e nestas cousas o vedes.*

*Non esperedes que vos toque,
a lotería de Nadal,
xa a tedes na casa
e a podedes celebrar.*

PARABÉNS DE TODO
O PROFESORADO DO CEIP
DO FOXO

FELIZ
2014

